

Non o quero nin pensar...
Sobre o abuso sexual infantil e xuvenil

Mercedes Oliveira Malvar
Doutora en Filosofía

Quero facer unhas reflexións sobre un tema que me preocupa dende hai tempo entre outras cousas porque, a pesar de que me encontro con el con máis frecuencia da que podía sospeitar, constato de continuo que moitas das persoas que me rodean descoñéceno totalmente ou non reparan nel. Gustaríame, así, contribuír a **visibilizar** unha forma de violencia que en gran medida permanece agachada. Unha forma de agresión que por moitas razóns é maioritariamente descoñecida: o abuso sexual infantil e xuvenil.

Unha amiga comentaba que esta forma da violencia é invisible porque as criaturas menores non votan. Na acción política se priorizan as cuestións pola presión e a insistencia das persoas afectadas... neste caso nenos e nenas non están na *ágora*.

Pero fiemos máis polo miúdo...

Teño percibido que esta particular forma de violencia tende a permanecer oculta, en primeiro lugar, pola proximidade do agresor. A unha nai pode non gustarlle facer público que o seu home, o seu irmán, o seu pai, o seu tío... abusa da súa filla. Se cadra funciona no inconsciente iso de que os trapos sucios lávanse na casa.

Tamén teño apreciado a confusión na que vive a vítima que dubida se a súa forma de actuar ante o agresor foi incitadora ou provocadora. Isto fai que a persoa o viva con certa culpabilidade e relativice a gravidade da situación.

Na miña experiencia docente, imparto clases de educación sexual con adolescentes ao longo de todo o curso escolar, pouco a pouco imos tratando temas, debatendo na aula e medrando sentimentalmente. Co paso do tempo chegamos a un nivel de confianza e de familiaridade con todos estes temas que propicia que, nun momento dado, unha moza me participe do seu horror.

Até o de agora sempre foron nenas; na maioría dos casos foron experiencias traumáticas levadas a cabo hai algúns anos, sempre perpetradas por familiares, e, en moitos casos, eu son a primeira persoa á que llo contan. Xeralmente prefiren non denunciar e

senten ambivalencia ante a posibilidade de recibir axuda psicolóxica especializada xa que, por un lado, intúen que lles faría ben pero, por outro, moitas senten certa resistencia a remexer a súa historia, pois supón revivir algo que xa teñen ben gardado baixo chave e que sen dúbida é doloroso para elas. A este respecto gustaríame salientar que, unha vez que dan o primeiro paso e se animan a contalo, se senten liberadas por compartilo, ademais de establecer un vínculo cómplice moi especial coa persoa á quen llo confían.

Penso que tamén hai mozos nesta situación pero que por diferentes razóns non mo contan. Se cadra por ser unha muller. Tamén pode influír o estereotipo masculino que fai que non queiran amosar a debilidade que agachan... quen sabe.

A dificultade de recoñecer o abuso

“Cando hai un banquete familiar esas vodas ou bautizos o tío Luís sempre quere bailar conmigo. Eu fágome a tola e escapo pero cando me pilla dáme horror, pois el cólleme e aprétame moito, eu síntome fatal e teño medo de ser “rara”, xa que el é encantador para todo o mundo pero para min é un pesadelo. E non sei como dicirle que non...”

¿Que muller non ten vivido unha situación semellante?

O abuso sexual ás veces é moi **sutil**, ata tal punto que a vítima xa non sabe se o que lle esta a pasar é “normal”, se tería que toleralo aínda que non lle gustase, ou se pola contra tería que enfrontarse e deixar claro que non quere.

Ben sabemos que moitas veces son casos onde a violencia sexual é ambigua, moitas veces confusa. Pero en calquera caso a persoa que a padece viveo moi mal. E para quen agrede é un primeiro chanzo na escaleira de tolerancia que un mesmo vai subindo case sen decatarse. Sempre se empeza polos poucos e vaise ascendendo ata perpretar danos maiores. Por iso é importante aprender a “vela” cando aínda é tímida.

Hai pouco recibín un e-mail dunha ex-alumna no que me contaba que estaba asistindo a un curso de informática en Londres, era moi caro e moi bo para ela pero que chegou a pensar en abandonar.... tiña un problema: un dos profesores cando debía explicarlle algo ía onda ela e se lle botaba por riba. “Me *pulpeaba*” dicía ela, e según me contaba non podía resistir sentir eses brazos

como tentáculos sobre as súas costas... sentía que se facía cada vez máis pequena sen ser quen de moverse ou dicir ren.

Ata que un día, farta xa, ensaiou un discurso en inglés para espetarlllo dunha vez, dicíndolle que lle molestaba que fixera o favor de separarse un pouco. Púxose roxa e moi nerviosa pero conseguiu decirllo e ¡Santo remedio! Nunca máis. Ela me contaba que pensou no que falabamos nas clases de Educación Sentimental, do importante que era ser asertiva: ter claro o que se sinte e expresalo claramente sen lugar a dúbidas, superando ese típico e tan feminino “non pero si”. Foi valente e según ela o problema resolveuse.

Eu de volta contesteille que levara o seu caso a unha clase e unha moza engadiu algo que me pareceu moi interesante: ela tiña que ter sido asertiva co seu corpo dende o primeiro *pulpeo*. Pois é certo, ser asertiva é expresar claramente a túa vontade non so con palabras, tamén coas outras linguaxes.

Lembro tamén un alumno que me contaba algo semellante co seu profesor de golf. Este home era moi atractivo e suscitaba moita admiración entre os chavales. Pero a ese mozo non lle gustaba nada que para ensinarlle a coller o pao e golpear a bola o collera por tras e se lle botara enriba. Outro *pulpeado!*

Creo que se nos paramos a pensar sempre podemos atopar na nosa historia persoal algún caso semellante.

A cara oculta da familia

Sabemos que 1 de cada 4 nenas e 1 de cada 6 nenos sufriron algún tipo de abuso sexual na infancia ou na adolescencia. O 56% so unha vez, pero o 44% padece un abuso repetido. Ante este cruel panorama podemos preguntarnos:

Como se sente a vítima?, Que sensacións pode ter? Sentirase culpable? Que repercusións pode ter? Quen o comete habitualmente: un estrano ou un parente próximo? Que podemos facer para evitalo? Podemos protexel@s? Como?

A vida familiar tamén ten, pois, un lado escuro. Hai moitas nenas e nenos que padecen situacións de abuso sexual por parte dun membro da súa familia ou persoa moi cercana (sacerdote, entrenador, profesor, etc.). Consiste en actitudes e comportamentos que realiza un adulto para a súa propia satisfacción cunha nena, neno ou adolescente que normalmente van acompañados da

manipulación emocional en forma de chantaxes, enganos, ameazas, etc. Esta é unha situación moi delicada xa que a vítima ten o seu primeiro encontro co pracer e coa sexualidade nunha situación confusa, **de inferioridade, escura**, non podes dicilo, nin contalo....onde moitas veces non entende o que lle está a pasar e tampouco sabe como saír dela. Por outra banda séntese a ambigüidade de por primeira vez posiblemente sénteste “muller” por ser desexada e tamén entras no mundo adulto que tes idealizado e deixas de ser nena. Tamén por ser sutil e difícil de detectar para as outras persoas próximas.

As consecuencias psicolóxicas para quen o padece poden ser moi graves xa que pode afectar á autoestima e alterar o equilibrio psicolóxico persoal, e as súas relacións tanto persoais como sociais.

O abuso sexual infantil e xuvenil é un tipo de maltrato que ten na base a dificultade que ten a vítima para diferenciar as sensacións de pracer das desagradables. O primeiro que temos que ver é se teño **a sensación do si** ou se teño **a sensación do non**. Unha vez que sei o que sinto teño que ser **asertiv@**, expresando claramente se quero ou non quero. Se me gusta quero máis pero se non me gusta quero que pare. Non teño que facer nada que eu non queira facer nin teño que satisfacer a ninguén si a min iso non me gusta.

Non podemos vixiar as criaturas sempre, pero si podemos ensinalas a protexerse dándolles seguridade en si mesm@s. Isto consistiría en aprender a pensar en ti, saber se queres ou non queres, aprender a expresar a túa vontade e se é necesario, aprender a pedir axuda.

Son moitas as **falsas crenzas** sobre o abuso sexual infantil, pénsase que é pouco frecuente, que so se producen en zonas rurais ou marxinais, en familias de baixo nivel cultural, que o agresor é alguén descoñecido, que @S nen@s tenden a inventarse historias...

O descoñecemento, a invisibilidade, as falsas crenzas, a falta de asertividade... son circunstancias que rodean este fenómeno que me levan a sentir a necesidade de expresar a urxencia de abordar esta problemática nas aulas, nos medios de comunicación, nas conversa habituais, etc. Considero que o feito de facer público o maltrato agochado cumpre unha dobre función: por un lado está o papel liberador de quen padece ou padeceu, e, por outro lado, tamén está o papel de prevención de casos vindeiros.

Outras formas da violencia sexual contra as mulleres

A situación que están a vivir as mozas na vivencia da súa sexualidade é máis grave do que poida parecer. Vou relatar unha serie de episodios que me inquietan e ilustran o estado da cuestión.

Hai poucos días estaba lendo un caderno dunha alumna e atópome cun relato dunha experiencia moi recente; ela contaba que camiñaba nas proximidades dun gran centro comercial ao mediodía e explica como un home se lle achega pedíndolle información sobre o centro de Planificación Familiar. Ela lle ofrece todo tipo de explicacións e sorpréndese de que o tipo a empeza a tocar, cada vez máis, até o punto en que se acha tan confundida que non sabe que facer e, aínda que intenta defenderse, aprecia que ninguén a axuda. Confesa que sentiu unha gran impotencia e moito medo.

Coa súa autorización contei o lle acontecera na clase e cal foi a miña sorpresa que empezaron a saír mozas relatando casos semellantes nos que sentiron o pánico de seren violadas. Todas coincidían no mesmo: sorpresa, inseguridade, medo, angustia, desorientación, bloqueo de facultades para a defensa. Eu, impresionada pola cantidade de casos vividos nese grupo, pregunto se hai alguén máis que pasara por esa situación, suxerindo para a súa tranquilidade que non o conten se non queren, que so han de levantar a man. Enorme foi a miña sorpresa cando constato que TODAS as mozas levantan a man. Ningún mozo a levantou.

Deseguido caemos na conta de que o “normal” era que antes dos 17 anos tentaran violarte, que tiveras esa experiencia da angustia, que ser muller no noso mundo era vivir nun estado de excepción permanente. Pero o que nos pareceu máis grave foi decatarnos de que a pesar de que todas as mulleres que alí estabamos pasamos por un intento de violación, incluída a profesora, nunca ou case nunca falabamos diso.

Os mozos da aula tamén quedaron sorprendidos e horrorizados. Ata certo punto, sentiron a necesidade de analizar o que podía pasar e tratar de entendela á luz da vivencia obrigada da masculinidade. Non en van dicía Luis Cernuda “aprendín o oficio de home duramente”. Entre outras cousas, xa dende nenos se lles fai ver que teñen unha necesidade sexual imperiosa de tipo animal, que teñen que satisfacer –“aliviar”- como podan. Sabemos, por exemplo, que hai certa tolerancia social a “aliviala” acudindo a

prostitutas, incluso se fala da necesidade de que existan para cumprir esa función e “liberarnos” ás demais. Como se as mulleres poidésemos clasificarnos nestes dous grupos.

Por outra banda, o mozo que está buscando a súa identidade na adolescencia precisa sentir como o fan os “homes de verdade”, sempre dispostos a un “ataque” sexual. É bastante común empregar a linguaxe de guerra ou de caza cando se fala desto. Estes usos non son inocentes, e pouco a pouco van calando na mente dos homes novos e van facendo un pouso tolerante cara estes comportamentos agresivos fronte ás mulleres. Falan das *gichiñas*, *palomitas*, *pivitas*, etc. En calquera caso son seres, máis ben obxectos, que están aí para ser usados polo máis depredador. Ser moi home é ser quen de “levantarse” a moitas coitadas. ¿Non é certo que esta forma de violencia goza de certo prestixio social?

A miúdo os luns escoito a mozas que queren desesperadamente información sobre a píldora do día despois –a postcoital- e cando falo con elas sobre isto, sobre o método anticonceptivo que están a utilizar e sobre o tipo de relación que teñen co seu mozo, moitas veces escoito cousas parecidas a: “...a verdade e que eu non quería ...pero púxose tan pesado...” ou “...insistiu tanto que chegou a ameazarme con que senón marchaba con outra...” ou “...estaba farta de que me chamara estreita e reprimida...”

¿Acaso este é o sexo pracenteiro que viven as adolescentes?

Na nosa cultura patriarcal todo isto se vive de xeito “normal”, case sen darnos de conta. Incluso se prepara ás mulleres para gustar, pero para gustar entrando nas artes da guerra sexual. Quero dicir que as nenas aprenden a seducir co seu corpo, inicialmente polo seu escote, a súa minisaia, a súa melena, pola súa dozura ... e posteriormente polo seu peito operado, pola súa vaxina reconstruída, e un longo etcetera. Sen decatarse estanse a converter en *pivitas*, *gichiñas* ou *palomitas*.

Do mesmo xeito, eles aprenden dende nenos a seren fortes, duros, a non amosar a mais mínima debilidade, e sobre todo a contar con cantas máis mozas “no seu haber”, e canto máis novas mellor.

Este mundo de tolos é o noso, e o mundo que coñecemos, que vivimos e que ensinamos. Está todo tan normalizado que cuestionalo é pouco menos que molesto.

Pero eu me pregunto ¿Acaso non atopamos conexión entre o perigo no que viven as mulleres, e a educación da masculinidade e da feminidade? ¿Este é o mundo dos dereitos e liberdades cando non é cómodo falar destes temas? ¿Podemos falar de democracia cando a metade da poboación vive con medo? ¿Ata onde temos que agardar?

Non podemos esquecer que a conquista dos Dereitos Humanos non no la regalaron, hoxe ser home e ser suxeito de dereito, pero se cadra non acontece o mesmo con ser muller. Aínda seguimos a ser a excluídas nas democracias avanzadas, pois non podemos vivir no mundo coa mesma tranquilidade que o fan os homes. Parece que no estamos no mesmo club do estado social de dereito. Agora que tanto se fala de cidadanía, temos que ter presente a que a cidadanía conleva a universalidade e so é tal se non hai exclusións. Por iso creo que é o momento de tomarnos en serio ás excluídas. Non é valido pasar por alto a situación de invisibilidade que a tantos niveis padecen as mulleres dende nenas.

MÁS TARDE

Más tarde,
Cuando la sangre y los huevos y los senos
Cayeron en mí,
Papi y su aliento a whisky
Hicieron una larga visita de medianoche
En un sueño que no es un sueño
Y luego llamó rápidamente a su abogado.
Papi divorciándose de mí,
He estado divorciada de él, desde entonces,
Yendo a la corte con mi madre como mi
Testigo
Y ambos muertos ya por un tiempo o no
Aún estoy divorciándome de él
Añadiendo los crímenes
De cómo vino a mí,
Y cómo me dejó.

ANNE SEXTON
PREMIO PULLITZER 1967

DATOS SOBRE ABUSO SEXUAL INFANTIL (*Save the children*)

- ✓ Calcúlase que chegan ao **sistema xudicial** entre o 10 e o 20% dos casos reais.
- ✓ Compoñente de **xénero**: Maioría das vítimas nenas, maioría dos agresores homes, pero non excluinte.
- ✓ **Idade** da máxima incidencia: de 6 a 11 anos.
- ✓ O 80% dos casos prodúcense no **entorno cercano** do menor.
- ✓ Unha terceira parte dos agresores sexuais son menores de 18 anos.
- ✓ Os menores con **discapacidade física e/ou psíquica** son unha das poboacións de risco máis importante.
- ✓ España é un país exportador de turistas sexuais, de consumo, distribución e produción de pornografía, de destino e de paso para as redes de trata de menores con fins sexuais.
- ✓ Menores identificados vítimas de **abuso sexual** pola policía nacional e gardía civil: máis de 3.800 en 2006.
- ✓ So 500 nenos e nenas das máis de 20.000 imaxes recollidas na base de datos de INTERPOL foron identificados.